

Importar preguntas a Moodle

Moodle permite importar preguntas a partir dun fichero de texto seguindo varios formatos. Só é posible importar o texto das preguntas non podemos importar imaxes. Os principal formato admitido por Moodle é GIFT (recomendado): Permite cargar preguntas de Opción Múltiple, Verdadeiro ou Falso, Respostas Curtas, Emparellar e Numéricas, tamén permite as preguntas de cubrir ocos. Pódense mezclar varios tipos de preguntas en un só arquivo de texto.

Pasos:

1. Abrir o bloc de notas
2. Editar as preguntas seguindo o formato elixido. (Pódense pegar dende outro procesador de texto e modificalas para adaptalas ao formato escollido)
3. Para distinguir unha pregunta de outra debemos deixar unha liña en branco.
4. Unha vez rematadas gardamos o documento comprobando que a codificación é “UTF-8” (podes ver unha captura ao final deste tutorial)
5. Proceder a importación dende o banco de preguntas.

Tipo de pregunta:

Opción múltiple: nas preguntas de opción múltiple, as respostas erróneas levan un virgullilla (~) como prefixo; as correctas o signo igual (=)

Exemplo.

```
Cantos lados ten un cadrado? {~dous ~tres ~cinco =catro}

ou

Cantos lados ten un cadrado? {
~dous
~tres
~cinco
=catro}
```

Resposta curta: este tipo de pregunta prefixase sempre con un signo (=), indicanto que todas elas son respostas correctas. **As respostas non deben ter til (daría erro).** Se houbese unha soa correcta prescindiremos do signo igual para non confundir coa opción “verdadeiro-Falso”

Exemplo:

```
Dous máis dous é igual a {=catro =4}

Dous máis dous é igual a {catro}
```

Palabra ausente ou rechear espazo: inserta automáticamente un cadro en branco que o alumno/a debe completar (como esta: _____) no medio da frase. Para usar este formato temos que colocar a resposta no lugar en donde queremos que apareza a línea para completar.

Exemplo:

O cadrado ten {~tres =catro ~cinco} lados

Ou

Colón descubriu América o 12 de

{ ~Agosto

~Setembro

=Outubro

} de 1492.

Verdadeiro-Falso: Neste tipo de pregunta a resposta indica si a frase é correcta ou incorrecta. A resposta debe ser descrita como {TRUE} ou {FALSE} ou máis breve {T} ou {F}.

Exemplo:

Colón descubriu África.{F}

Dous máis dous son catro.{T}

Emparellamento: As parellas coincidentes comezan polo signo(=) e sepáranse con este símbolo (->) debe ter alomenos 3 parellas coincidentes.

Exemplo:

Emparella as capitais cos seus correspondentes países. {

=Canadá -> Ottawa

=Japón -> Tokio

=España -> Madrid

}

Como localizar os seguintes símbolos no teclado

~ premendo a tecla alt e introducindo esta secuencia de número 126, ao soltar aparece o símbolo

{ premer a tecla “alt gr” máis a tecla do ´

} premer a tecla “alt gr” máis a tecla da Ç

(->) este símbolo esta formado polo guión e a tecla maiúsculas máis a tecla de < >

